

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De acordo co artigo 10 da Lei Xeral de Sanidade, cal dos seguintes NON é un dereito das/dos cidadáns/ás respecto das distintas administracións públicas sanitarias:

- A) Dereito á confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso e coa súa estancia en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.
- B) Dereito á información sobre os servizos sanitarios a que poden acceder e sobre os requisitos necesarios para o seu uso.
- C) Dereito a utilizar a vías de reclamación e de proposta de suxerencias.
- D) Dereito a elixir libremente o médico e os demais sanitarios titulados e non titulados.

2. Segundo a Constitución Española, cal dos seguintes NON é un dereito fundamental dos cidadáns:

- A) O dereito ao honor.
- B) O dereito á liberdade de expresión.
- C) O dereito á libre elección de residencia.
- D) O dereito ao acceso á cultura.

3. De conformidade co Estatuto de Autonomía de Galicia, cal das seguintes respostas respecto do Parlamento de Galicia NON é correcta:

- A) Estará constituído por deputados elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.
- B) É inviolable.
- C) A circunscrición electoral é o municipio.
- D) Os deputados non estarán suxeitos a mandato imperativo.

4. O artigo 62 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, determina que o réxime xeral das situacións do persoal estatutario fixo comprende as seguintes:

- A) Servizo activo, servizos especiais, servizos baixo outro réxime xurídico, excedencia por servizos no sector público, excedencia voluntaria, e suspensión firme de funcións.
- B) Servizo activo, servizos especiais, servizos baixo outro réxime xurídico, excedencia forzosa, excedencia voluntaria, e suspensión de funcións.
- C) Servizo activo, servizos especiais, servizos baixo outro réxime xurídico, excedencia forzosa, excedencia voluntaria, e suspensión firme de funcións.
- D) Servizo activo, servizos especiais, servizos baixo outro réxime xurídico, excedencia por servizos no sector público, excedencia voluntaria, e suspensión de funcións.

5. De conformidade co Decreto 206/2005, do 22 de xullo, en relación cos concursos de traslados sinala a resposta incorrecta:

- A) Proveranse as prazas básicas da categoría que a convocatoria determine.
- B) O prazo para presentar as solicitudes de participación non poderá ser inferior a un mes.
- C) Para que o persoal en activo poida participar debe de tomar posesión na praza desempeñada con dous anos de antelación, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- D) As convocatorias poden prever a valoración dun nivel de desenvolvemento profesional recoñecido.

6. De conformidade co artigo 38 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, constituirase un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas ou centros de traballo que conte con:

- A) 25 ou máis traballadores.
- B) 50 ou máis traballadores.
- C) 75 ou máis traballadores.
- D) 100 ou máis traballadores.

7. Conforme á Lei de Saúde Pública de Galicia, o Servizo Galego de Saúde é:

- A) Unha axencia de natureza administrativa-asistencial, dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- B) Unha fundación pública de natureza administrativa, dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- C) Unha fundación pública de natureza administrativa, sen personalidade xurídica propia.
- D) Un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

8. De conformidade coa Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, sinala a resposta correcta en relación coa historia clínica:

- A) É o conxunto de documentos nos que se conteñen os datos, as valoracións e as informacións de calquera tipo sobre a situación e a evolución clínica dos pacientes ao longo do seu proceso asistencial, así como a identificación dos médicos e demais profesionais que interviñeron neste.
- B) As historias clínicas son documentos confidenciais propiedade do paciente, a cuxo acceso teñen dereito os profesionais do respectivo centro sanitario nos termos que a lei determina.
- C) A elaboración da historia clínica, nos aspectos relacionados coa asistencia directa ao paciente é responsabilidade da xerencia da área sanitaria respectiva.
- D) Toda persoa que no exercicio das súas funcións ou competencias teña coñecemento dos datos e informacións contidas na historia clínica terá a obrigaçión de reserva e sigilo respecto dos mesmos durante 10 anos.

9. Segundo se establece na Lei de Saúde Pública de Galicia, son funcións do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) A xestión da sanidade exterior.
- B) Coñecer e emitir informe sobre o anteproxecto de memoria anual do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- C) A delimitación dos dispositivos de medios de titularidade pública, concertada ou privada, segundo as necesidades de saúde da poboación.
- D) A ampliación, cando proceda, do catálogo de prestacións básicas ofrecidas polo Sistema Nacional de Saúde.

10. En aplicación do artigo 5 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, son criterios de clasificación do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) Función desenvolta, nivel do título esixido e tipo de nomeamento.
- B) Fixeza ou eventualidade do vínculo.
- C) Situación de servizo activo, servizos especiais e servizos baixo outro réxime xurídico.
- D) Persoal da área sanitaria e persoal de entidades e fundacións públicas sanitarias.

1. O dereito á protección da saúde atópase regulado na Constitución Española en:

- A) Título I, capítulo III relativo aos principios reitores da política social e económica.
- B) Título I, capítulo II relativo aos dereitos e liberdades.
- C) Título II, capítulo IV relativo aos dereitos sanitarios.
- D) Título II, capítulo III relativo ás liberdades públicas.

2. De conformidade co artigo 11 da Lei Xeral de Sanidade, cal das seguintes NON é unha obrigaón dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario:

- A) Cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación, así como as específicas determinadas polos servizos sanitarios.
- B) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das institucións sanitarias.
- C) Custodiar a documentación á que teña acceso con motivo do dereito de participación institucional.
- D) Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario, fundamentalmente no que se refire á utilización dos servizos, procedementos de baixa laboral ou incapacidade permanente e prestacións terapéuticas e sociais.